

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

### **REDONDELA**

#### **Outros documentos, notificacións e informacións públicas**

#### *DESIGNACIÓN E REMUNERACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓNS*

#### *ANUNCIO*

#### *DESIGNACIÓN REMUNERACIÓNS MEMBROS DA CORPORACIÓNS*

*Resolución da Alcaldía núm. 2034/2019 de data 19/07/2019*

Visto o acordo do Concello Pleno de data 12 de xullo de 2019, polo que se aproba o réxime retributivo dos membros da Corporación.

Vistos os escritos presentados polos/as concelleiros/as do PP, PSdG-PSOE, AER e BNG e especificando a forma de percibir as súas remuneracións como membros da Corporación, esta Alcaldía, ven en resolver a relación do réxime de adicación e réxime económico dos membros da Corporación Local:

1.—Que a concelleira que se indica, membro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ostentará responsabilidades de goberno e exercerá o seu cargo cunha adicación exclusiva de alomenos 1820 horas (100%) anuais percibindo unha retribución bruta de 30.000 euros (en 12 mensualidades-2500 € brutos/mes) con efectos do día seguinte ao da adopción do acordo:

**MARÍA CASTRO ABAD**

2.—Que o concelleiro que se indica, membro do Grupo Municipal de AER, ostentará responsabilidades de goberno e exercerá o seu cargo cunha adicación parcial de alomenos 1365 horas (75%) anuais percibindo unha retribución bruta de 22.500 euros (en 12 mensualidades-1875 € brutos/mes) con efectos do día seguinte ao da adopción do acordo:

**DANIEL BOULLOSA MARTÍNEZ**

3.—Que a concelleira que se indica, membro do Grupo Municipal de AER, ostentará responsabilidades de goberno e exercerá o seu cargo cunha adicación parcial de alomenos 1092 horas (60%) anuais percibindo unha retribución bruta de 18.000 euros (en 12 mensualidades – 1500 € brutos/mes) con efectos do día seguinte ao da adopción do acordo:

**SUSANA COUÑAGO ANDRÉS**



Venres, 2 de agosto de 2019

Núm. 147

4.—Que os catro concelleiros ou concelleiras, membros do PSdeG-PSOE, ostentarán responsabilidades de goberno e exercerán o seu cargo cunha adicación parcial de alomenos 910 horas (50%) anuais percibindo unha retribución bruta de 15.000 euros (en 12 mensualidades- 1250 € brutos/mes) con efectos do día seguinte ao da adopción do acordo:

LEONARDO CABALEIRO COUÑAGO  
VICENTE LAMAS GUISANDE  
IGNACIO EDUARDO GONZÁLEZ LAGO  
MARTA ALONSO DOMÍNGUEZ

5.—Que os concelleiros e voceiros dos Grupos Municipais do PP e BNG exercerán o seu cargo cunha adicación parcial (mínima de 16 horas ao mes) percibindo unha retribución bruta de 8.100 euros (en 12 mensualidades-675 €/mes) con efectos do día seguinte de adopción do acordo:

JAVIER BAS CORUGEIRA  
XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

6.—Que os concelleiros e concelleiras que se indican, membros dos Grupos Municipais PP, PSdeG-PSOE e BNG, exercerán o seu cargo en réxime de adicación parcial cunha adicación mínima de 12 horas/mes pola que percibirán unha retribución bruta de 5.184 euros en 12 mensualidades- 432 € brutos/mes con efectos do día seguinte de adopción do acordo:

MARÍA DEL CARMEN BASTOS RODRÍGUEZ  
MARÍA CARMEN AMOEDO DASILVA  
IVÁN CRESPO RODRÍGUEZ  
MARÍA SANDRA BASTOS MÍGUEZ  
OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS  
YÉSICA GARCÍA CRUZ

7.—Que os concelleiros e concelleiras que se indican, membros dos Grupos Municipais PP e AER, que non teñen adicación parcial, perciban as seguintes compensacións por cada asistencia a reunións de órganos colexiados (comisións informativas, pleno, mesas de contratación...etc): 108 € por sesión cun máximo de 4 ao mes (432 €) con efectos do día seguinte ao da adopción do acordo:

NOEMÍ SALOMÓN SAAVEDRA  
MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS  
MIGUEL ÁNGEL ÁLVAREZ BALLESTEROS  
JULIO CÉSAR MOUGÁN VÁZQUEZ  
ROBERTO VILLAR RODRÍGUEZ

A Alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez.

Redondela, 22 de xullo de 2019.

